

ACENTUACIÓN DIACRÍTICA

CON ACENTO GRÁFICO	SEN ACENTO GRÁFICO
Á • preposición a + artigo a(s): <i>Vou á [a + a] feira</i> • extremidade dunha ave: <i>Ese paxaro ten unhas ás enormes</i>	A: • artigo: <i>A casa</i> • pronome: <i>-Queres a mazá? – Non a quero</i> • preposición: <i>Vou a Vilagarcía</i>
BÉSTA: • arma antiga: <i>Os romanos atacaban con béstas.</i>	BESTA: • animal: <i>Vimos varias bestas na serra do Xistral.</i>
BÓLA: • esfera: <i>Fixo unha bóla con ese papel</i>	BOLA: • peza de pan: <i>Gústame máis a bola que a barra!</i>
CÁ (S): • conxunción ca + artigo a: <i>A miña bici é máis barata cá [ca + a] túa.</i>	CA: • conxunción: <i>É máis divertida ca ti.</i> CAS: • preposición: <i>Está en cas seus avós.</i>
CHÁ: • “plana”: <i>Esa terra é doada de traballar porque é chá.</i>	CHA: • pronome che + pronome a: <i>Douche a chave agora ou douchadespois?</i>
CÓ(S): • conxunción ca + artigo o: <i>O meu caderno é máis groso có [ca + o] teu</i> • parte do corpo (van/ cintura): <i>Cinguu a saia ao cós.</i>	CO(S): • preposición con + artigo o: <i>Estou cos [con + os] teus pais.</i>
CÓMPRE: • “é necesario”: <i>Cómpre reformar a aula de música.</i>	COMPRE: • imperativo/P1,P3 presente subxuntivo vbo. <i>comprar</i>: <i>Cando compre pan, fixareime se é de centeo ou de trigo.</i>
DÁ: • P3 vbo dar: <i>Sonia dá sempre os bos días cando entra na aula.</i> DÁS: • P6 vbo dar: <i>Por que non me das a probar da túa torta?</i>	DA(S): • Preposición de + artigo a: <i>Isto é da túa amiga Sara.</i>
DÓ: • nota musical: <i>Esta gaita está afinada en dó maior.</i> • “pena”: <i>Tivo moito dó cando emigrou seu irmán.</i>	DO: • preposición de + artigo o: <i>Chegou agora do [de + o]traballo.</i>
É: • P3 vbo ser: <i>Héctor é o meu veciño.</i>	E: • conxunción: <i>Teño que mercar kiwis e laranxas.</i>

FÓRA: adverbio: <i>Que frío vai fóra!</i>	FORA: - P3 vbo ir: <i>Cando cheguei á casa, teu pai xa fora facer a compra.</i> - P3 vbo ser: <i>Xa fora concelleiro antes de ser alcalde.</i>
MÁ: “ruín”: <i>Non sexas má e comparte con nós!</i>	MA: Pronome me + pronome a: <i>Dáme a clave do wifi! Veña, dima xa!</i>
MÁIS: - Adverbio: <i>Come máis!</i> - Pronome: <i>Raque e Gonzalo están aquí; e os máis onde quedaron?</i>	MAIS: Conxunción: [pero] <i>Estou farta, mais comerei un anaquiño de torta.</i> [e] <i>Marina mais eu iremos dar un paseo.</i>
NÓ: “lazo”: <i>Fai un nó nos zapatos para non tropezares.</i> NÓS: - pronome tónico: <i>Nós xa marchamos! // Isto é para nós.</i> “lazos”: <i>Estes son os típicos nós mariñeiros de Muros.</i>	NO: - preposición en + artigo o: <i>No seu cuarto está o escritorio.</i> NOS: - pronome átono: <i>Por que non nos levas contigo?</i>
Ó(s): Preposición a + artigo o: <i>Noa vai ó [a+o] mesmo instituto ca ti.</i>	O: - artigo: <i>O medo é libre!</i> - pronome: <i>Ese chiste é moi malo! Non o volvas a contar, ho!</i>
ÓSO: parte do corpo: <i>Rompeu un óso da man.</i>	OSO: animal: <i>Parécenme moi fermosos os osos polares!</i>
PÉ: parte do corpo: <i>A muiñeira báilase na punta do pé.</i>	PE: letra: <i>Esa palabra comeza por pe...</i>
PÓLA: “parte da árbore”: <i>O vento tirou con varias pólas.</i>	POLA: - preposición por + artigo o: <i>Traballa pola [por+a] mañá.</i> “galiña”: <i>As polas de inverno non poñen tantos ovos.</i>

PÓR: • “poñer”: Hai que pór a mesa, que é hora de xantar!	POR: • preposición: Vai por aquí, que é o camiño máis rápido.
PRÉSA: • “apuro”: Marcho, que teño moita présa.	PRESA: • “encoro”: A presa destruíu unha aldea no sur de Ourense. • “prendida”: A gaivota quedou presa por unha pata. • “presada”: Collín unha presa de cereixas para merendar.
SÉ: • “sede eclesiástica”: A misa celebrouse na sé de Santiago. • imperativo do verbo ser: Sé educado!	SE: • conxunción: Se non vés comer, avisa. • pronome: Lorena e Teresa quérense
SÓ: • adxectivo: Xoán anda sempre só e non se relaciona con ningún. • adverbio: Viñeron só dez alumnas por mor da folga.	SO: • preposición: O coitelo caeu e creo que está so a mesa.
TÉ(S): • Infusión: Encántame o té verde!	TE: • letra: Tania comeza polo te. • pronome: Non te vin en todo o día! TES: • vbo. ter: Tes présa?
VÉN: • P3 vbo vir: Sabela sempre vén andando.	VEN: • imperativo do vbo. vir: Cando queiras, ven facernos unha visita. • P6 vbo ver: Meu avó e miña avoa ven perfectamente sen lentes.
VÉS: • P2 vbo vir: Por que non vés dar unha volta con nós?	VES: • P2 vbo ver: Non ves como tiña razón!
VÓS: • pronome tónico: Vós sodes irmás?// Conto con vós para cear!	VOS: • Pronome átono: Agardade, que vos teño que dar un recado.